Dado que se cumpren as condicións esixidas no artigo 171.b do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que se considera necesario executar ditas actuacións para a correcta execución do contrato primitivo, SOLICITASE autorización ó órgano de contratación para comezar a tramitación do novo proxecto como un Complementario ó “MODIFICADO DO PROYECTO DE REORDENACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E PAVIMENTACIÓN DA ZONA INFANTIL DO PARQUE GARCÍA BAYÓN” e para proceder a fixar os prezos contraditorios necesarios co contratista principal da obra, xa que os traballos non poden separarse tecnicamente do contrato primitivo ó estar directamente enlazados os traballos proxectados coa execución da obra principal e o seu importe acumulado non vai superar o 50 por cento do importe primitivo del contrato.”

Visto que, segundo o artigo 105.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, “A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de sumar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria deste, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas nos artigos 171.b) e 174.b)”.

Visto que, de acordo co artigo 171 do TRLCSP, “Ademais de nos casos previstos no artigo 170, os contratos de obras poderán adxudicarse por procedemento negociado nos seguintes supostos: (...) b) Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, ou no proxecto de concesión e o seu contrato inicial, pero que debido a unha circunstancia que non se puidera prever por un poder adxudicador dilixente pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e cuxa execución se confíe ó contratista da obra principal ou ó concesionario da obra pública de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, se fixen contraditoriamente, sempre que as obras non se poidan separar técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes ó órgano de contratación ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por cento do importe primitivo do contrato (...)”.

Vista a Disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ACORDA autorizar a redacción dun proxecto complementario do MODIFICADO DO PROYECTO DE REORDENACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E PAVIMENTACIÓN DA ZONA INFANTIL DO PARQUE GARCÍA BAYÓN.**





4.- AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE "PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA MIÑOTEIRO (PALMEIRA)".

Visto o expediente tramitado por este Concello para contratar as obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA MIÑOTEIRO (PALMEIRA)".

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en outubro de 2015, foi aprobado por acordo do Pleno da Corporación Municipal adoptado na súa sesión da data 16/12/2015.

O investimento foi incluído no "Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016", aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/02/2016, segundo a Circular da data 08/03/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/03/2016, co número 2553).

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61900, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 25/08/2016.

A adxudicación realizouse por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 15/03/2018 a favor da empresa "Construcciones Anspal, S.L." (CIF número B15985187), por un prezo total do contrato de 78.650,00 euros (base: 65.000,00 euros; IVE 21%: 13.650,00 euros).

O correspondente contrato administrativo asinouse na data 22/03/2018.

Con data 06/02/2019, a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, presentou un informe no que, entre outros extremos, manifesta:

"No proxecto de "Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)" contemplábase unicamente a colocación dun colector para a recollida de augas pluviais, pero ó iniciarse as obras comprobouse que as tubarías de abastecemento e de saneamento existentes na rúa estaban demasiado superficiais e, ó demoler o pavimento de formigón, rompíanse. Por iso, e imposible executar a obra sen substituír os servizos de saneamento e de auga potable actuais".

Concluindo no citado informe:

"As actuacións suscitadas enténdense necesarias para executar a obra proxectada, constituíndo prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non podendo separarse tecnicamente do contrato primitivo sen causar graves inconvenientes á execución da obra.

Dado que se cumpren as condicións esixidas no artigo 171.b do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que se considera necesario executar ditas actuacións para poder executar o contrato primitivo, SOLICITASE autorización ó órgano de contratación para comezar a tramitación do novo proxecto como un Complementario ó de "Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)" e para proceder a fixar os prezos contraditorios necesarios co contratista principal da obra, xa que





os traballos no poden separarse tecnicamente do contrato primitivo ó estar directamente enlazados os traballos proxectados coa execución da obra principal e o seu importe acumulado non vai superar o 50 por cento do importe primitivo do contrato.”

Visto que, segundo o artigo 105.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, “*A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de sumar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria deste, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas nos artigos 171.b) e 174.b)*”.

Visto que, de acordo co artigo 171 do TRLCSP, “*Ademais de nos casos previstos no artigo 170, os contratos de obras poderán adxudicarse por procedemento negociado nos seguintes supostos: (...) b) Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, ou no proxecto de concesión e o seu contrato inicial, pero que debido a unha circunstancia que non se puidera prever por un poder adxudicador dilixente pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e cuxa execución se confíe ó contratista da obra principal ou ó concesionario da obra pública de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, se fixen contraditoriamente, sempre que as obras non se poidan separar técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes ó órgano de contratación ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por cento do importe primitivo do contrato (...)*”.

Vista a Disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ACORDA autorizar a redacción dun proxecto complementario do proxecto de Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)**.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/02/2019 “**Decreto: Resolución de adjudicación para la celebración del contrato basado en el acuerdo marco para la contratación del subministro de electricidad en alta y baja tensión por la central de contratación de la FEMP**”.





V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Marga Massanet Mayo e Jacobo Cobián Fernández de la Puente**, de data 03/07/2018 (Rexistro de entrada nº 10.097), no que solicita licenza de obras para reforma de vivenda unifamiliar, sita na Rúa Campo da Agra nº 13, Corrubedo, Riveira en parcela con refª catastral nº 3834903MH9133S0001EW.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital o día 5 de febreiro de 2019, vista a Resolución favorable emitida pola Demarcación de Costas de Galicia en relación á retirada de elementos como barbacoa, caseta, mesa de granito, celosía de muro lavadero, escaleras e recibos de cemento en dominio público, asinado polo xefe da Demarcación Rafael Eimil Apenela o día de 22 de xaneiro de 2019, vista a Declaración Responsable presentada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Urbanismo asinado polo Sr. Jorge A. Veiga Lendoiro e Sra. Helena Mosquera García o día 25 de setembro de 2019, rexistrado de entrada no Concello o día 27 de setembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 13.861), e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/02/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Marga Massanet Mayo e Sr. Jacobo Cobián Fernández de la Puente **LICENZA DE OBRAS (Nº 4/19)** para **REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa Campo da Agra nº 13, Corrubedo, Riveira en parcela con refª catastral nº 3834903MH9133S0001EW, nos termos do Proxecto Básico de 20 de xuño de 2018 redactado por Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169):

- *Deberá adecuarse integramente ao disposto na mencionada Resolución favorable emitida pola Demarcación de Costas de Galicia en relación á retirada de elementos como barbacoa, caseta, mesa de granito, celosía de muro lavadero, escaleras e recibos de cemento en dominio público,*





asinado polo xefe da Demarcación Rafael Eimil Apenela o día de 22 de xaneiro de 2019, así á Declaración Responsable presentada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Urbanismo asinado polo Sr. Jorge A. Veiga Lendoiro e Sra. Helena Mosquera García o día 25 de setembro de 2019.

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, debidamente dilixenciados.*

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do*





9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.





SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por M^a Manuela Pena Fernández en representación de **David Francisco Domínguez Chouza**, de datas 29/01/2019 e 07/02/2017 (Rexistros de entrada nº 1.308 e 1.792), nos que solicita a devolución de I.C.I.O., presentando desistimento expreso da solicitude de licenza de obras para construción de cuberta metálica en Olveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 07/02/2019, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/02/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.





Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2018/COMU000298, formulada por **David Francisco Domínguez Chouza**, coa seguinte contía: **18,27 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 2/18 - “CAFÉ-BAR NORUEGO”.

POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Desenvolvemento de actividade cun nivel de emisión sonora elevado, incumprindo os límites legais en materia de protección contra a contaminación acústica establecidos na lexislación en materia de protección contra a contaminación acústica en vigor.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado con aplicación da Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0816-701NH0101N0040BK.

SITUACIÓN: Rúa Campo de Marte s/n, Baixo, Riveira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sr. Manuel Antonio Ageitos Gago, (D.N.I. 53.483.625-T), responsable do establecemento de hostalaría denominado “CAFÉ-BAR NORUEGO”.

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sr. José Antonio Soto Freiría, (D.N.I. 31.226.887-V).

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por Decreto de Alcaldía de data 10 de abril de 2002 concedeuse á Sra. Julia Muñiz Sobrido cambio de titularidade de licenza de actividade para exercer a actividade de Café-Bar, en establecemento con refª catastral nº 0816-701NH0101N0040BK sito na Rúa Campo de Marte s/n, Baixo, Riveira.

SEGUNDO.- Posteriormente presentouse en escrito rexistrado de entrada na data 2 de decembro de 2013, (Rexistro de entrada nº 16.180), expediente de cambio de titularidade instruído a instancia do Sr. Ignacio Blanco Ramallo (D.N.I. 35.774.251-M).

TERCEIRO.- En escrito rexistrado de entrada na data 5 de maio de 2016, (Rexistro de entrada nº 5.269), preséntase comunicación de cambio de titularidade do CAFÉ-BAR NORUEGO en favor do Sr. Manuel Antonio Ageitos Gago, (D.N.I. 53.483.625-T).

CUARTO.- En relación ao funcionamento de dita actividade o José Antonio Soto Freiría, (D.N.I. 31.226.887-V) presenta en reiteradas ocasións denuncias relativas ás molestias na súa vivenda por rúidos procedentes de dito local tanto no Concello de Riveira presentadas en escritos rexistrados de entrada nas datas 14 de febrero e 20 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 2.422 e 19.847), así como chamadas a Policía Local.





QUINTO.- Constan no expediente Actas das correspondentes denuncias cursadas pola Policía Local de Riveira contra o Sr. Manuel Antonio Ageitos Gago, (D.N.I. 53.483.625-T), así como o correspondente expediente sancionador.

SEXTO.- Consta asimesmo informe de informe de inspección acústica emitido pola empresa VIROCEM S.L. (asistencia técnica do Concello de Riveira en materia acústica) de data 15 de marzo de 2017 no que se conclúe que os niveis de ruído recibidos no interior do domicilio do denunciante, producidos por música, voces, e golpes no interior do CAFÉ-BAR NORUEGO, superan os niveis máximos permitidos no periodo nocturno.

SÉTIMO.- En relación co anterior o Técnico Municipal de Medio Ambiente Sr, Ignacio L. Fernández Veiga emite informe técnico na data 30 de xuño de 2017 no que sinala a necesidade de incoación de expediente sancionador e como medida provisional ordenar o cese no exercicio da actividade.

OITAVO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 31 de xullo de 2018 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 2/18 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

NOVENO.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Manuel Antonio Ageitos Gago, (establecemento de hostalaría denominado “CAFÉ-BAR NORUEGO”) e ao Sr. José Antonio Soto Freiría na data 6 de agosto de 2018.

DÉCIMO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Notificado este emprazamento O Sr. Manuel Antonio Ageitos presenta escrito rexistrados de entrada os días 6 e 8 de agosto de 2018, (Rexistro de entrada nº 11.492 e 11.571), no que solicita a suspensión da orde de peche e a copia do atesado da policía local.

DÉCIMO SEGUNDO.- Posteriormente a Sra. Julia Muñiz Sobrido, presenta en escrito rexistrado de entrada o día 25 de outubro de 2018, (Rexistro de entrada nº 15.403), copia do acordo de rescisión do contrato de arrendamento asinado o día 28 de agosto de 2018 co arrendatario Sr. Manuel Antonio Ageitos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela onde se atopa o local no que desenvolve a actividade clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO** con aplicación da **ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA**, “comprendendo esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sótanos a aparcamento.”





SEGUNDO.- Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede **a inmediata paralización da actividade e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollos aos interesados.

TERCEIRO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exigible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos puidieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

CUARTO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do





procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións





sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

CONSIDERACIÓNS

A data da emisión do presente informe non se aportou ao expediente xustificación algunha respecto ás actas - denuncias por ruidos e por incumprimento de horario efectuadas reiteradamente pola Policía Local de Riveira e que constan no expediente, e asimesmo non se presentou documentación algunha sobre o cumprimento da normativa existente sobre contaminación acústica de Galicia.

Vistos os antecedentes obrantes no expediente, visto o informe técnico de medicións acústicas emitido pola empresa VIROCEM S.L. (asistencia técnica do Concello de Riveira en materia acústica) o día 15 de marzo de 2017, visto o informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Sr. Ignacio L. Fernández Veiga con sinatura dixital o día 30 de xuño de 2017, vistas as actas - denuncias por ruidos e por incumprimento de horario efectuadas reiteradamente pola Policía Local de Riveira e que constan no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/02/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Declarar que a actividade e actuacións do establecemento de hostalaría denominado “CAFÉ-BAR NORUEGO” sito na Rúa Campo de Marte s/n, Baixo, Riveira, con refª catastral nº 0816-701NH0101N0040BK, incumpre os requisitos legais en materia de horarios e protección contra a contaminación acústica establecidos na lexislación en materia de protección contra a contaminación acústica en vigor, polo que procede **ORDENAR O PECHÉ DEFINITIVO DO ESTABLECEMENTO E SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE DE MODO DEFINITIVO.**

SEGUNDO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de peche definitivo do establecemento de hostalaría, procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG, ponendo asimesmo os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incurrir os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal á Sra. Julia Muñiz Sobrido, (como propietaria do establecemento de hostalaría denominado “CAFÉ-BAR NORUEGO” tras a presentación o día 25 de outubro de 2018, Rexistro de entrada nº 15.403, da copia do acordo de rescisión do contrato de arrendamento) e ao Sr. José Antonio Soto Freiría.





VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Juan Andrés Saiñas Pérez**, de data 22/01/2019 (Rexistro de entrada nº 932), no que solicita certificación urbanística de natureza de finca rústica.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 06/02/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A82100376

Comprobada a normativa aplicable se informa que a parcela se sitúa en solo rústico.

2.- Visto o escrito presentado por **Luis Bernardo Maneiro Santiago**, de data 31/01/2019 (Rexistro de entrada nº 1.402), no que solicita certificación de camiño municipal sito no lugar de Teira, Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 04/02/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Situación: Teira (Corrubedo)
Nº camiño: 1.291

Solicítase certificado da titularidade pública dun camiño en Teira (Corrubedo). O número de camiño que presenta na solicitude é o nº 1.291, que se corresponde ao anterior inventario de Camiños Municipais, non aprobado polo Pleno Municipal.

Examinado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de Febreiro de 2018, o camiño nº 1.291 se corresponde cos nº 163 (Camiño Pedragoso) e 158 (Camiño Toxeiras) do Inventario. Existe unha porción do nº 1.291 que non se encontra inventariado no aprobado definitivamente.

Consultado o Catastro Histórico, dito camiño aparece reflectdo na súa totalidade.

Persoados no lugar, encóntrase que o camiño, físicamente, non existe aparentemente, non apreciándose ningún tipo de indicio de existir ou que existise nalgún momento.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 11/02/2019, relativo á sinalización de dúas prazas de aparcamento exprés na Avenida do Malecón (Riveira), ao carón dos aparcamento de AGADEA (Centro de Día de Alzheimer e outras demencias).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a instalación de dúas prazas de zona de aparcamento exprés na Avenida do Malecón (Riveira), ao carón dos aparcamento de AGADEA (Centro de Día de Alzheimer e outras demencias), debido ao movemento de persoas a este centro resultando insuficiente as prazas xa existentes en hora punta; cunha delimitación horizontal en cor azul e coa correspondente sinalización vertical R-308, acompañada do seu respectivo panel informativo "Zona aparcamiento exprés" xunto co tempo máximo permitido; según o sinalado no citado informe policial.

2.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 11/02/2019, relativo á regularización da dirección de entrada e saída no lugar do Touro, acceso á praia Area Secada (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a regularización da dirección de entrada e saída no lugar do Touro, acceso á praia Area Secada (Riveira) para mellorar a seguridade vial, sobre todo en





época estival, debendo regular a rúa con sentido único coa instalación das correspondentes sinais viais verticais; según o sinalado no citado informe policial.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONS

1.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo, Jesús Freire Brión**, de data 13/02/2019, en relación á *Resolución da Axencia de Turismo de Galicia do 26 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. (DOG núm. 1, do 22/01/2019).*

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención á Axencia de Turismo de Galicia Xunta de Galicia) por importe de 5.200€, para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos, da contratación de 1 persoa como “Técnico para a oficina de información Turística”, durante tres meses, e cunha xornada de 40 horas semanais, sendo os custos salariais totais os seguintes (segundo o informe do interventor do Concello de Riveira de data 12/02/2019):

NÚM. TRAB	OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS			
		SALARIO BRUTO	PRORRATA PAGA EXTRA	TOTAL	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL 32,75 %	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	Tco. Turismo	1402,98€	202,49€	1.605,47	525,79	2131,26	3 M	40 h/sem	6.393,78€

Segundo.- financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro da citada convocatoria (segundo o informe de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado, do interventor do Concello de Riveira de data 12/02/2019).

2.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Medio Ambiente, Elvira Pereira Ageitos**, de data 13/02/2019, en relación ao “Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas dirixido a Concellos da Provincia da Coruña durante o exercicio 2019”, cuxas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 15 do 22/01/2019 e a “Convocatoria do programa de subvencións para limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da





provincia da Coruña, durante o exercicio 2019”, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 25 do 05/02/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Presentar a seguinte solicitude de subvención: **Convocatoria do programa de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2019”**
- Designar como **representante** do concello para a solicitude de subvención ao Sr. Alcalde, **Manuel Ruiz Rivas**.
- **Aceptar as bases da convocatoria** cos compromisos que nela se inclúen.
- **Comprometerse** a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que realice do desenvolvemento da actividade subvencionada.
- **Autorizar** á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Nomear como **representante** para as relacións desta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña ao Sr. Alcalde do Concello de Riveira D. **Manuel Ruiz Rivas**.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

